

“Ceder” ou “Rachar” o novo dilema que enfrenta a redacción do PXOM de Nigrán.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Sábado, 24 Maio 2014 12:23



Quitar do medio a Arnaiz&Consultores [e asinar unha cesión coa empresa EPTISA](#) é a fórmula que defende o rexedor Alberto Valverde [para evitar o estancamento da tramitación do PXOM](#)

. Un troco que segundo o alcalde evitará a disolución do contrato e, por tanto, a paralización da tramitación do PXOM que conta cunha aprobación inicial. Dende o PSOE ofrecen “a máxima colaboración”, pero a

[condicionan a que Valverde retome o camiño do diálogo](#)

co resto das formacións, así como co Consello Sectorial. Para UCN a proposta do alcalde é un “erro” máis que só logrará “dilatar o proceso” dun PXOM con unha aprobación inicial “que nunca” tería que terse producido polas graves deficiencias do documento. A todo isto, a cesión contractual necesita dunha tramitación administrativa que remata nunha decisión do pleno municipal onde o gobernante PP non conta coa maioría absoluta.

O alcalde defende unha “vía rápida”.

A elección de EPTISA, encargada na actualidade da redacción do PXOM do veciño concello de Gondomar, foi defendida por Valverde: “unha das firmas de enxeñaría civil e plan urbanístico máis importantes do país, cunha acreditada experiencia, solidez e solvencia”, sinala o rexedor. Sen embargo, o traballo desenvolvido pola mesma en Gondomar tamén é considerada ineficiente pola maioría dos portavoces gondomareños que poñen en dúbida que o documento obteña aprobación inicial como desexa o goberno en minoría presidido polo alcalde Fernando Guitián.

A xunta de portavoces adianta unha “treboada” política.

“Ceder” ou “Rachar” o novo dilema que enfrenta a redacción do PXOM de Nigrán.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Sábado, 24 Maio 2014 12:23

A entrada en concurso de acredores e previsible liquidación de Arnaiz&Consultores obriga á corporación de Nigrán a tomar unha decisión. Ese foi o tema que Valverde levou á xunta de portavoces o venres pasado co obxectivo de acadar apoio a súa decisión de facelo a través da cesión contractual a EPTISA. Nin o PSOE nin UCN están dispostos a acompañar sen máis ao rexedor. Ambos os dous grupos opositores [recriminan aos populares a súa xestión](#), responsabilízanllos do “fracaso” por mor dunha política que desfixo o camiño deliñado polo Consello Sectorial. Acusan a Valverde de aproveitar no seu momento a maioría absoluta da que gozou nos primeiros anos de goberno para rachar as políticas de consenso.

Para o PSOE hai que empezar “case de cero”.

Para o PSOE será necesario empezar “case desde cero” no Plan Xeral de Nigrán. A posibilidade de que unha terceira empresa fágase cargo dos traballos que ata fai uns meses levaba a cabo a UTE Arnaiz-Tinsa “producirá un novo e longo atraso na aprobación dun documento absolutamente necesario para este municipio”, opina o concelleiro Juan González.

Entende que a empresa redactora do PXOM de Gondomar, EPTISA, podería continuar coa devandita redacción urbanística “pero será necesaria aínda a confirmación oficial, a valoración da nova proposta e que cumpra todos os requisitos do procedemento de contratación, a autorización por parte do administrador concursal, os informes xurídicos e económicos municipais, a cesión do contrato e para rematar o respaldo plenario no que Alberto Valverde non dispón de maioría necesaria”, advirte.

UCN: Rachar o contrato e levantar a suspensión de licenzas.

Desde UCN “suscitamos e defendemos a urxente rescisión do contrato coa UTE ARNAIZ-TINSA, e a esixencia de responsabilidades por danos e prexuízos causados”, afirma o seu portavoz Antonio Fernández Comesaña. Engade que os danos ao Concello derivados do incumprimento contractual da empresa debe ser obxecto dunha indemnización que debe ser valorada, “así como a incautación da fianza”.

Fernández Comesaña, sostén que hai que levantar canto antes a suspensión das licenzas,

“Ceder” ou “Rachar” o novo dilema que enfrenta a redacción do PXOM de Nigrán.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Sábado, 24 Maio 2014 12:23

porque “o dano que se está causando aos veciños é aínda maior, ao non poder edificar, e polo menos así poderán tramitarse licenzas ao amparo das NNSS actuais, porque por desgraza, o PXOM tardará bastantes anos para que poida ser realidade, e non podemos seguir prexudicando máis aos veciños con falsas expectativas, nin facendo promesas que non poderán ser cumpridas, que xa está ben”.

Valverde polemiza nas redes.

Pola súa banda, Alberto Valverde contestaba a estas críticas da oposición na mañá deste sábado dende o seu perfil persoal na rede Facebook: *“Lo que pasa que estas declaraciones del PSOE deben de ir en su manual del partido porque a nivel nacional hacen igual. Que el PSOE tenga claro que han hecho mucho daño al PXOM de Nigrán y que sí quieren ayudar lo que tienen que empezar es por asumir que la contratación de la empresa redactora que han hecho en el 2009 fue un fracaso y los que hemos asumido las responsabilidades hemos tenido que torear con ello. Ahora, con la empresa cerca de desvincularse de Nigrán tenemos que buscar soluciones prácticas y beneficiosas para Nigrán y no hacer declaraciones como hacen UCN y PSOE hoy que parece que lo del plan general no va con ellos y que lo único que les preocupa es que se atrase cuanto más posible....aunque bueno, es lo que llevan haciendo en todo momento.”*